



XX XORNADAS DE BANDA DESEÑADA

A festa galega do cómic | Ourense, 1 a 18 de outubro de 2008

PROGRAMA

EXPOSICIÓNS

- **Rachel Deville**

Rachel Deville (Firminy, 1972), francesa afincada en Barcelona desde hai uns anos, é autora do álbum *Lobas* (Ediciones Sins Entido, 2007), unha reflexión autobiográfica sobre a súa condición de irmá xemelga, que parte de mitos como o de Rómulo e Remo.

No Museo Municipal

- **Enrique Flores**

Enrique Flores (1967), ilustrador habitual en medios como *El País*, é colaborador de revistas de BD como *Dos Veces Breve* e autor, xunto con Felipe Hernández Cava no guión, do álbum *Bebop* (Edicions de Ponent, 2000), unha espléndida crónica sobre o jazz dos cincuenta e os seus músicos.

www.4ojos.com

No Museo Municipal

- **Filipe Abranches**

Filipe Abranches (Lisboa, 1965) iniciouse como autor de BD en 1979, e ten editados unha decena de álbums individuais; ademais, publicou traballos en numerosos medios portugueses e internacionais. Esta exposición retrospectiva, a cargo do Centro Nacional de Banda Desenhada e Ilustração da Amadora, inclúe pranchas de obras súas como *O diário de K*, *Al'Mutamid*, *16 - 1* e *Pássaros*.

<http://filipeabranches.blogspot.com>

No Museo Municipal

- **Certamen Injuve de Cómic e Ilustración 2007**

Gañadores das dúas modalidades do prestixioso certame do Instituto de la Juventud. Obras de Daniel García Cuenca, Martín Romero, Clara-Tanit Arqué, Ferran Esteve e Esteban Hernández, na modalidade de cómic, e de Raquel Marín, Nikolay Troshinsky, Ketodikio (Francisco Pereira), Martín Romero, Boris Rodríguez, Cinta Fosch e Kike De La Rubia na de ilustración.

No Museo Municipal

- **Romeo e Xulieta / Tirant lo Blanc**

Avance das adaptacións destes grandes clásicos da literatura á banda deseñada, a cargo de David Rubín (con guión de Ricardo Gómez) e Miguel Porto, respectivamente. Ambas as obras serán publicadas en breve por parte de SM.

No Auditorio Municipal de Ourense

- **Delicatessen: Roque**

Roque Romero (A Coruña, 1978) é licenciado en Belas Artes pola Facultade de Pontevedra. Ademais de ter editado en numerosos fanzines, participou nos álbums colectivos *H2Oil* e *Barsowia en llamas*, e en 2006 obtivo un dos accésitos do Certamen Injuve de Cómic e Ilustración. Acaba de ver publicado o seu monográfico dentro da serie *Polaqia Sketchbook*. Seguindo a tradición da mostra *Delicatessen* das Xornadas, Roque escolleu dez das pranchas dos seus traballos máis representativos e ofréceos comentados nesta exposición.

Na Biblioteca da Universidade

- **20 edicións das Xornadas**

Mostra retrospectiva que repasa brevemente a historia das Xornadas de Ourense: os carteis, as portadas d'*O Fanzine*, os premios Ourense, etcétera.

Na Casa da Xuventude

- **GZcrea Banda Deseñada 2008**

Obras gañadoras da edición deste ano do concurso convocado pola Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade da Xunta de Galicia. Son os traballos de Martín Romero (1.º Premio), Lola Lorente (2.º Premio), Jerónimo Piñeiro de Castro (3.º Premio) e Diego Campos Omil (Mención de honra).

<http://www.gzcrea.net>

No salón da Casa da Xuventude

ACTIVIDADES

Cinema e BD

Proxección en 35mm de filmes relacionados coa banda deseñada internacional, en estrea na cidade. No Cinebox Ourense (Centro Comercial Ponte Vella), coa colaboración do Cineclubes Padre Feijoo e a Federación de Cineclubes de Galicia. Prezo de entrada: 3 euros. Proxeccións en versión orixinal subtitulada.

- **Mércores 1 de outubro, 20.30 e 23 h: *El castillo ambulante***, de Hayao Miyazaki (Xapón, 2004). Miyazaki, autor de manga e director de cinema (*Nausicaä no val do Vento* e *Porco Rosso* son mangas e filmes seus) trae esta película gañadora da Osella de Ouro no Festival de Venecia e candidato ao óscar ao mellor filme de animación.

Hauru no ugoku shiro. Xapón, 2004. Cor, 119 min · Dirección: Hayao Miyazaki · Producción: Toshio Suzuki (Tokuma Shoten, Studio Ghibli, Nippon Television Network, Dentsu, Buena Vista Home Entertainment, Mitsubishi, Toho) · Guión: Hayao Miyazaki, baseado na novela de Diana Wynne Jones · Música: Joe Hisaishi · Fotografía: Okui Atsushi · Montaxe: Takeshi Seyama. Voces: Chieko Baisho (Sofí), Takuya Kimura (Hauru), Akihiro Miwa (Arechi no Majo), Tatsuya Gashuin (Karushifâ), Ryunosuke Kamiki (Marukuru), Mitsunori Isaki (Koshô), Yo Oizumi (Kakashi), Akio Ôtsuka (Kokuô), Daijiro Harada (Hin), Haruko Kato (Sariman) · Estrea no Xapón: 20/11/2004; estrea en España: 3/3/2006. Versión orixinal en xaponés subtitulada en castelán.

- **Mércores 8 de outubro, 20.30 e 23 h: *Persépolis***, de Marjane Satrapi e Vincent Paronnaud (Francia, 2007). Marjane Satrapi codirixe a adaptación da súa obra máis coñecida, a autobiografía da súa nenez no Irán da revolución e a súa adolescencia e xuventude en Europa. Premio do Xurado no Festival de Cannes.

Persepolis. Francia, 2007. Cor, 95 min. Dirección: Marjane Satrapi e Vincent Paronnaud · Producción: Marc-Antoine Robert, Xavier Rigault (2.4.7. Films) · Guión: Marjane Satrapi, Vincent Paronnaud, baseado nas novelas gráficas de Marjane Satrapi · Montaxe: Stéphane Roche · Música: Olivier Bernet · Voces: Chiara Mastroianni (Marjane adolescente e adulta), Catherine Deneuve (Tadji, nai de Marjane), Danielle Darrieux (avoa), Simon Abkarian (Ebi, pai de Marjane), Gabrielle Lopes (Marjane nena), François Jerosme (tío Anouche). Estrea en Francia: 27/6/2007; estrea en España: 31/10/2007. Versión orixinal en francés subtitulada en castelán.

Encontros e presentacións

- **BD Banda nº 3**. Presentación da revista coa presenza de Kiko da Silva, Miguelanxo Carvalho e Xico Paradelo. O venres 3 de outubro, ás 19.30 h, na Livraria Torga.

- **Encontro de BD**

O sábado 4 de outubro, a partir das 12 h., encontros e mesas redondas cos autores das exposicións. Entrada libre. No salón da Casa da Xuventude.

- **LabOu**

Na tarde do sábado 4 de outubro, a partir das 17 h., presentación de exercicios creativos colectivos do LabOu (Laboratorio Galego de BD Experimental). Nos exercicios poderá participar calquera autor de BD interesado, aínda que non forme parte do Laboratorio.

Máis información: www.labou.blogspot.com

Na Casa da Xuventude.

- **Terra libre, de Fran Jaraba.** Fin da triloxía iniciada con *Cita na Habana*, ambientada na Guerra de Independencia cubana. Presentación o venres 10 de outubro, ás 19.30 h, na Livraria Torga.

- **Historias de Galiza, volume 2.** Nova entrega da serie de cómics de ambientación histórica con guións de Carlos Rafael Ramos e debuxos de Idoia de Luxán, Carlos Alfonso, Juan Luis Pérez, Jaime Eizaguirre e Jerónimo Piñeiro, editada co patrocinio da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade. Presentación o martes 14 de outubro, ás 12.00 h, na Casa da Xuventude.

Entrega dos premios do Certame «GZcrea 2008» e do Premio Ourense de BD

O día 1 de outubro, ás 12 h, na Casa da Xuventude, farase entrega do Premio Ourense de Banda Deseñada, na súa décimo oitava edición. O premio, outorgado pola Casa da Xuventude e a Concellaría de Cultura do Concello de Ourense, distingue cada ano unha mellor iniciativa ou unha traxectoria en relación coa BD en Galicia; nesta ocasión concédese ao Sistema Municipal de Bibliotecas Públicas da Coruña. O galardón é unha estatuíña deseñada e realizada expresamente para a ocasión polo artista plástico Manolo Figueiras. No mesmo acto, entregaranse tamén os premios do Certame «GZcrea 2008» de Banda Deseñada.

PUBLICACIÓNS:

- Carteis: Alberto Guitián
- Catálogo GZcrea BD 2008
- *O Fanzine das Xornadas* nº 15. Artigos relacionados coas actividades das XX Xornadas, e bandas deseñadas de autores galegos.

Coordinación:

Óscar Iglesias, Benito Losada, Henrique Torreiro.

Organizan:

Casa da Xuventude de Ourense e Colectivo Phanzynex.

Patrocinan:

Concellaría de Cultura do Concello de Ourense e Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade da Xunta de Galicia.

Colaboran:

Cinebox Ourense, CNBDI da Amadora, Federación de Cineclubes de Galicia/Cineclubes Padre Feijoo, Festival de Cine de Ourense, Instituto de la Juventud (Injuve), Livraria Torga, Museo Municipal, Vicerreitoría do Campus de Ourense – Universidade de Vigo.

ENDEREZOS E HORARIOS:

LOCAIS DAS XORNADAS:

- Casa da Xuventude

Secretaría e Información das Xornadas:

Rúa Celso Emilio Ferreiro 27, 32004 Ourense

Tel. 988 228 500

Horario de exposicións: 19 a 21.30 h, excepto domingo.

- Museo Municipal

Rúa Lepanto 8, 32005 Ourense

Tel. 988 248 970

Horario de exposicións: 11 a 13.30 e 18 a 21 h, de martes a sábado; domingos, de 11 a 13.30 h.

- Edificio Politécnico/Biblioteca do Campus

Campus das Lagoas s/n, 32004 Ourense

Tel. 988 387 000 (Ed. Politécnico); 988 38 71 58 (Biblioteca)

Horario de exposicións: 9 a 21 h, de luns a venres. Sábados, domingos e festivos, pechado.

- Auditorio Municipal de Ourense

Rúa da Canle 2, 32005 Ourense

Tel. 988 391 290

Horario de exposicións: 9 a 21.30 h

Contactos: Casa da Xuventude, Celso Emilio Ferreiro 27, E-32004 Ourense

Tel. 988 228 500 • Fax (+34) 988 249 930 • Correo electrónico: casa@casaxou.com

www.casaxou.com/bd, www.labou.blogspot.com